



26 OUT. 2015

SAIDA Nº 646225

Resolución conxunta pola que se regula a utilización progresiva de documentos internos asinados electronicamente entre órganos, centros e servizos da UDC

A sinatura electrónica nace como resposta á necesidade de conferir seguridade xurídica ás comunicacións que se realizan a través de Internet. O uso e a validez xurídica da sinatura electrónica están regulados pola Lei 59/2003, cuxo artigo 3.1 define a sinatura electrónica como o conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación persoal. Cando asinamos electronicamente podemos identificar a persoa que o asinou e confirmar, ademais, a autenticidade da expresión da súa vontade e consentemento, ben como a integridade e inalterabilidade do documento.

A implementación da sinatura electrónica lévase a cabo a través dos denominados certificados electrónicos coa utilización de portasinaturas electrónicos, ferramenta que lles permite aos seus usuarios asinar os seus documentos pendentes, así como xestionalos e imprimir copias auténticas destes.

A Universidade da Coruña está a traballar actualmente na implantación da Administración Electrónica (e-Administración). A e-Administración non é un mero traslado dos servizos e procedementos que actualmente desenvolve a UDC, senón que debe responder á optimización e reorganización dos esquemas de xestión que permitan unha maior eficiencia e eficacia, así como propiciar o cambio cultural que implica a implantación dos procedementos internos de xestión, permitindo a posibilidade de realizar xestións vía telemática.

O 13 de xaneiro de 2015 puxéronse en marcha a Sede Electrónica (<http://sede.udc.gal>) e o Rexistro Electrónico da UDC, cuxo Regulamento foi aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27 de xuño de 2012, modificado polo acordo do 28 de novembro de 2014. A Sede Electrónica permite desenvolver procedementos administrativos electrónicos baseados na utilización da sinatura electrónica. Porén, a implantación progresiva da e-administración na UDC e do portasinaturas fai necesario que durante o período de transición convivan procedementos electrónicos con procedementos parcialmente en papel.

Para aproveitar desde este momento as vantaxes da tramitación electrónica é necesario que se regule a utilización da sinatura electrónica en procedementos que, aínda que non sexan electrónicos, poden utilizar soportes dixitais, total ou parcialmente, para seren transmitidos a través de correo electrónico, cun incremento importante da eficiencia administrativa.

Neste sentido, convén lembrar que o uso de correo electrónico como medio de comunicación administrativa, e mesmo como medio de notificación administrativa, aparece incorporado con carácter básico aos artigos 27 e 28 da Lei 11/2007, *do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos*. De feito, a recentemente publicada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dá un novo pulo á administración electrónica.

A presente resolución desenvolve a utilización de documentos asinados electronicamente para as xestións e comunicacións internas entre órganos, servizos e unidades docentes e administrativas da UDC nos seguintes termos:




1. As comunicacións e xestións internas efectuaranse preferentemente en soporte electrónico, mediante o correo electrónico corporativo, e substituirán progresivamente as comunicacións en papel, o que redundará na difusión do uso da sinatura electrónica na documentación interna da nosa institución.
2. A sinatura dos documentos dixitais realizarase en formato .pdf mediante a utilización dos certificados dixitais admitidos na UDC.
3. Cando a documentación se transforme a soporte en papel, a unidade ou servizo que comece a tramitación en papel arquivará a copia dixital do documento, por se fose requirida para realizar a comprobación das súas sinaturas electrónicas.

A Coruña, 22 de outubro do 2015

Juan Díaz Villoslada

Xerente



Carlos A. Amoedo Souto

Secretario-xeral

Equipo de Goberno
Direccións de Centros e Institutos
Xefaturas de servizos e unidades